



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZASETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 49)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **dezasete de decembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a Sr. Deputado don Roberto Fernández Rico.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZ DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dez de decembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á CONVOCATORIA DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO QUE CORRESPONDEN Ó 24 E 31 DE DECEMBRO DE 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día trinta de xullo de dous mil dezanove, polo que se fixa o réxime de sesións do Pleno e da Xunta de Goberno.

Tendo en conta que no dito acordo recóllese que a Xunta de Goberno celebrará sesión os venres de cada semana, as once horas. E que: “de non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil”.

Así mesmo, no meritado acordo do Pleno de trinta de xullo de 2019, sinálase que: “Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.



As dúas últimas sesións do ano da Xunta de Goberno ordinaria correspóndense cos días vinte e catro e trinta e un de decembro, e dado que son festivos nesta Deputación, convocaranse para os días vinte e tres e trinta respectivamente.

Por todo elo esta Presidencia propón á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Que as sesións ordinarias da Xunta de Goberno correspondentes aos días vinte e catro e trinta e un de decembro, por tratarse de días festivos nesta Deputación, se celebren os días vinte e tres e trinta respectivamente, á mesma hora.

2º.- Dar conta do presente acordo ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 15 de decembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7F7WXZDYMCRBHP5X4FGUI7GI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7F7TALFIH6X6NT2U4C75CWAA.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FYSQPHJE27WUMSZMWEDX6GM.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FYSQDHJB3L5FICT6SM72G6I.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FYSQ3LB73JSBPA3Y5OR3GMA.

Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7FYTLDPX4D5FMZ6IUX4TYFJY.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7FYQPZFLZ27ZFIQD4GC4TOG4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 5 de novembro de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FY7Z2BL4OZGB3AAFDOMIWKU.

Acta da Mesa de Contratación do día 18 de novembro de 2021, con CSV IV7F2LSYP5BCWSMCUIAT4DXTIE, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dáse conta de que a licitación de referencia, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, se presenta unicamente a mercantil Prelo S.L.”
(...)

(...) “A mesa de contratación, acordou por unanimidade:

Requirir á empresa Prelo S.L. para que no prazo de tres días hábiles presente correctamente cumprimentado o Anexo I, respecto á omisión do recollido no apartado 5 deste (cumprimentar o apartado 5 “Que a empresa está inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores _____ co número _____. E que as condicións e circunstancias declaradas no momento da inscrición, e que serviron de base para a mesma, non experimentaron variación algunha. De non estar dada de alta no Rexistro Oficial de Licitadores deberá presentar xustificante de ter solicitada a inscrición).

Conceder o trámite de xustificación das ofertas presentadas, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao licitador que obtivo a mellor puntuación (Prelo S.L.), ao encontrarse en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa.

Requirir á empresa Prelo S.L., para que no prazo de 7 días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4



da LCSP, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 15 de decembro de 2021, polo Servizo de Contratación infórmase:

En canto á declaración de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores, revisada de novo a declaración responsable presentada pola empresa, comprobouse que o licitador xuntara a solicitude de inscrición neste Rexistro.

En canto á xustificación de oferta anormalmente baixa, a empresa presentou xustificación e emitiuse informe polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7FEGYYDT4556HIQQON6YHAAE que conclúe:

“Á vista do exposto e da documentación achegada pola empresa Prelo S.L., e tendo en conta que o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano de contratación, a xuízo de quen asina, podería concluírse a razoabilidade dos argumentos expostos nos documentos xustificativos da empresa obxecto de informe, por consideralos plausibles e aclaratorios da viabilidade da oferta formulada e que por tanto permitirían apreciar como factible a realización axeitada do contrato nos termos ofertados”.

A Mesa de Contratación acorda admitir á licitadora Prelo S.L. e asumir como propio o informe do Servizo de Contratación sobre xustificación de oferta con valores anormalmente baixos ou desproporcionados.

En canto á documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, Prelo S.L. presentou a documentación en prazo. Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PRELO S.L.	100

Adxudicar á empresa Prelo S.L. a contratación Da subministración de material de oficina para a Deputación de Lugo 2021/CON_02/0000076, polo orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 9.917,36 euros aos que se engadirán 2.082,64 euros en concepto de IVE do 21%, o que ascende a un total de 12.000,00 euros, cun desconto sobre os prezos unitarios que figuran no PPT, do 30% e un prazo de entrega dos pedidos de 48 horas (dous días hábiles).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº DE ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	PRELO S.L.	100

2º.- Adxudicar á empresa Prelo S.L. a contratación da subministración de material de oficina para a Deputación de Lugo 2021/CON_02/0000076, polo orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 9.917,36 euros aos que se engadirán 2.082,64 euros en concepto de IVE do 21%, o que ascende a un total de 12.000,00 euros, cun desconto sobre os prezos unitarios que figuran no PPT, do 30%, coa seguinte distribución por anualidades:



ANUALIDADE	APLICACIÓN	D	IMPORTE
2021	9200.22000	92021/11045	5.000,00
2022	9200.22000	920219/494	7.000,00
SUMA			12.000,00

O gasto financiarase con cargo as anualidades 2021 e 2022, para a anualidade 2021 figura crédito dispoñible suficiente, e para a anualidade 2022 informamos que figura crédito dispoñible adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2021.

3º.- O prazo de duración do contrato esténdese dende a formalización do contrato -ou documento de aceptación da resolución de adxudicación por parte do contratista- ata o 20 de febreiro de 2022. O prazo de entrega dos pedidos de 48 horas (dous días hábiles).

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lousada – Vilela”, P.K. 8+670 a 10+700.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02/12/2021 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EEXJPIFJDKX7CQZW5MRTEF4¹.

Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651)-Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lousada- Vilela”, P.K. 8+670 a 10+700, con CSV: IV7EEXSDBIWZZNF3XTUDCNRHA4.

Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EEGACZQUP5VMDQQUCEAT7M4.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7EG7TDBB467SGTDROVAUZEEA.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EG7T4BUR3XPZCAMOUAIPBGU.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EGDADD5JIVODWIEU6PRUCY.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 27/08/2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7FU6SSFBW6LP5NSF7F4UAFIY.

¹ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Publicación, o día 02/09/2021, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/09/2021, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios avaliados automaticamente (sobre B), con CSV: IV7FS63435VO7HBLCLURERYV6M.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura da documentación contida no Sobres “B”, cos seguintes resultados:

PEDRAFITA DO CEBREIRO.- ACONDICIONAMENTO DA LU-P-1301 “SEOANE DO COUREL (LU-651) – HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA – VILELA”, P.K. 8+670 A 10+700
 ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)
 VALOR ESTIMADO
 CLASIFICACION EXIGIDA:
 PRAZO DE EXECUCION:

372.505,53
307.855,81
64.649,72

NO
12 MESES

MAXIMO
6.157,12

EMPRESAS / (GRUPO)	DOC "A"	(A) PRECIO (75)	(B) MELLORAS (20)	(C) P. DIVULGACIÓN (5)	CRITERIO DESEMPATE
		PREZO (IVE incluído .- art 102)	BARREIRA SEGURIDADE M	Oferta (sen IVE) (MAX. 2% S/ V. Estimado	Plantel / Discapacitados
1 ACOVAL		340.060,30 €	10,00	600,00 €	47/1
2 HORDESCÓN SL		368.221,72 €	8,00	302,33 €	19/0
3 OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		354.893,00 €	0,00	0,00 €	37/1
4 TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		335.254,98 €	100,00	661,16 €	37/2
5 VAZPER 3 SL		298.749,44 €	100,00	1.500,00 €	15/1

Durante a apertura das ofertas, na da mercantil Hordescón SL, detéctase erro aritmético na suma da base e o IVE, polo que ao tratarse dun mero erro aritmético, a mesa corríxeo e inclúe o importe correcto no cadro precedente, seguindo así os mesmos criterios que en casos similares

acaecidos con anterioridade e en base igualmente a diversos pronunciamentos dos TARC. (Castilla León- Resolución 43 e 44/2014 de 5 de xuño; TACRC de 25 de abril, resolución 334/2014).

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		PRECIO (75)		MELLORAS (20)		P. DIVULGACIÓN (5)		TOTAL
		Oferta	Ptos	BARREIRA SEGURIDADE M	Ptos	Oferta (máximo 2% v. estimado)	Ptos	PUNTOS
1	ACOVAL	340.060,30 €	32,99	10,00	2,00	600,00 €	2,00	36,99
2	HORDESCÓN SL	368.221,72 €	4,36	8,00	1,60	302,33 €	1,01	6,97
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	354.893,00 €	17,91	0,00	0,00	0,00 €	0,00	17,91
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	335.254,98 €	37,88	100,00	20,00	661,16 €	2,20	60,08
5	VAZPER 3 SL	298.749,44 €	75,00	100,00	20,00	1.500,00 €	5,00	100,00

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS			OFERTA
			Oferta
1	ACOVAL		340.060,30 €
2	HORDESCÓN SL		368.221,72 €
3	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		354.893,00 €
4	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL		335.254,98 €
5	VAZPER 3 SL		298.749,44 €

MEDIA
339.435,89

BAIXA DESPROPORCIONADA
305.492,30

10% ARRIBA
373.379,48

Tendo en conta que a oferta presentada pola empresa Vazper 3 SL, incorren en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, polo que, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento -Unidade de Obras e Plans-, se tramitase a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado, para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.



Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 29/10/2021, para dar conta do informe en relación coa baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, con CSV: IV7F7TBKJIF4WSX5TQE4AEQD6E.

Pola Presidencia, dáse conta do informe do Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Vías e Obras, autor do proxecto, en relación coa documentación achegada, logo do requirimento á empresa, Vazper 3 SL, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe, con CSV: IV7F63LIHJ4PJJM62AVMAQHFOM, contéñense, entre outros, os seguintes extremos:

“(…)

Conclusión.

A xuízo da técnico que subscribe, e en base ao establecido na cláusula décimo terceira do PCAP e o art. 149.4 da LCSP que rexen esta contratación, a documentación presentada pola mercantil Vazper 3 SL precisa as condicións da oferta en canto a aforros que permite o procedemento de fabricación e o método de construción, as condicións favorables das que dispón para executar as obras e non se fundamenta en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico.

O que se traslada á Mesa de Contratación para o seu coñecemento e toma de decisión sobre a viabilidade da execución da obra por parte da mercantil Vazper 3 SL.”

Tendo en conta o anterior, a mesa acorda facer seu o informe do Servizo de Vías e Obras, aceptando a xustificación da mercantil, e proseguir cos trámites encamiñados á adxudicación da obra.

Visto canto antecede, así como a Acta da Mesa de data 29/09/2021, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
		PUNTOS
1	VAZPER 3 SL	100,00
2	TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL	60,08
3	ACOVAL	36,99
4	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	17,91
5	HORDESCÓN SL	6,97

Requirir á empresa Vazper 3 SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) e acredite a efectiva disposición dos medios persoais e materiais indicados no prego e a constitución da garantía definitiva por importe de 24.690,04 euros, que supón o 10% sobre o prezo de adxudicación, sen IVE, (inclúe garantía complementaria establecida no PCAP por importe do 5% para o caso de ofertas incursas inicialmente en baixa desproporcinada) significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Por resolución da Presidencia de data 05/11/2021, con CSV: IV7FYWPMZDV44WNCCRQUOUL6OA, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Vazper 3 SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 08/11/2021, rematando o prazo de presentación o día 22/11/2021. A mercantil Vazper 3 SL, presentou a documentación requirida o 22/11/2021 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 02/12/2021, ós efectos da apertura da documentación remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Vazper 3 SL presenta a documentación requirida en tempo.



A Mesa de Contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Vazper 3 SL con C.I.F. B-24273302 representada por D. Manuel Vázquez Pardo con DNI ***5311**, a contratación da obra denominada PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lousada – Vilela”, P.K. 8+670 a 10+700 no prezo de 298.749,44 €, dos cales 51.849,08€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en lonxitude de barreira metálica de seguridade, de 100 metros, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.500,00 € mais IVE e un prazo de execución de 12 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Vazper 3 SL con C.I.F. B-24273302 representada por D. Manuel Vázquez Pardo con DNI ***5311**, a contratación da obra denominada PEDRAFITA DO CEBRERIRO.- Acondicionamento da LU-P-1301 “Seoane do Courel (LU-651) – Hospital (LU-633) e ramais A Piñeira e Lousada – Vilela”, P.K. 8+670 a 10+700 no prezo de 298.749,44 €, dos cales 51.849,08 € corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en lonxitude de barreira metálica de seguridade, de 100 metros, coas características indicadas no PCAP; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.500,00€ mais IVE e un prazo de execución de 12 meses.

2º.- O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da poliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.



4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

5º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

6º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DE DIVERSOS PROXECTOS DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2021.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12-01-2021.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 30 de novembro de 2021.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 30/03/2021, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	251	OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN CASCO URBANO (RUA LAGO)	-	48.000,00€	48.000,00€

O concello indicado achegou os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, a declaración responsable coas coordenadas UTM.

A Alcaldía do Concello de Quiroga a través de escrito con RE nº 2021RT018373 de data 07/12/2021 solicita:

A modificaciódno proxecto do investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, concretamente o investimento nº 251, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “.... para a execución é necesaria modificar unidades de obra...”, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	251	MODIFICADO OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN CASCO URBANO (RUA LAGO)	-	48.000,00€	48.000,00€

A base 17, indica que “... se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto de obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente (...) que deberá ser aprobado polo Concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa esta adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá



contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello”. Así mesmo tamén sinala “... calquera incremento que se derive de modificación de contrato, ... deberá ser financiado integramente polo Concello, salvo aquelas modificacións, (...) que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno da Deputación”.

A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2021, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, infórmase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Quiroga que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2021.”

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o

Plan Único de Cooperación cos concellos 2021 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
QUIROGA	251	MODIFICADO OBRAS DE REPARACIÓN E MELLORA DE INFRAESTRUTURAS EN CASCO URBANO (RUA LAGO)	-	48.000,00€	48.000,00€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Real Aero Club de Lugo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Real Aero Club de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Renovación de las instalaciones de depuración de la piscina del Real Aeroclub de Lugo”, polo importe de 30.000,00 €, correspondente á anualidade 2021, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.



Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 da Liña 1.1- Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2021.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar a creación e o mantemento de entidades ou organizacións nas que se asocie, agrupe ou participe a veciñanza, e que a través do desenvolvemento de actividades contribúen á busca de solucións de forma conxunta aos problemas sociais, e que xeran riqueza para o territorio no seu conxunto, entendida esta riqueza no sentido

máis amplo. Neste sentido, trátase de mellorar os equipamentos e as infraestruturas que son utilizados pola veciñanza, e en torno as cales se reúne, favorecendo así o seu grado de participación, e fomentando o asociacionismo.

Neste caso, trátase de renovar e mellorar o equipamento existente nunhas instalacións comunitarias (piscinas), nun concello do rural, que son utilizadas pola veciñanza como un punto de encontro e reunión, vencellado ao desenvolvemento de actividades deportivas, de ocio e de lecer.

No procedemento e expediente que nos ocupa, obsérvase e respéctase esta previsión do PES vixente.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 30.000,00 €, a favor da entidade Real Aero Club de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Renovación de las instalaciones de depuración de la piscina del Real Aeroclub de Lugo”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2021 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor da entidade Real Aero Club de Lugo, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Renovación de las instalaciones de depuración de la piscina del Real Aeroclub de Lugo”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



Segundo.- *Convenio entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente de establece o seguinte:

“Asunto: Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para cooperar no financiamento da “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do Concello de Ribeira de Piquín”. Ano 2021.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Ribeira de Piquín (EXP 2021/PES_03/025054) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do concello de Ribeira de Piquín”, por importe total de 50.820,00 € (dos que os 49.320,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 1.500,00 € serán financiados polo Concello de Ribeira de Piquín), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeiro.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36,

letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segundo.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co art. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



Terceiro.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarto.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeiro.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os

subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segundo.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:



Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinto.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexto.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeiro.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e



na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segundo.- Pola súa banda, o Municipio de Ribeira de Piquín, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

“Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: (...) b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, (...)”

Terceiro.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa (art 9 da Lei 3/2012 de Galicia).

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarto.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e,

que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinto.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexto.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 49.320,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétimo.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribeira de Piquín para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Adquisición dunha retro cargadora para usos municipais do Concello de Ribeira de Piquín”, por importe total de 50.820,00 €.



2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 49.320,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para a “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” (Anualidades 2021 e 2022).*

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Cultura que se transcribe:

“Antecedentes.

1. Con data 16 de decembro de 2020 asinouse entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón un Protocolo Xeral de Actuación para a Construción dun Albergue Municipal, no que se establecía como vontade das partes:

Primeiro.- Impulsar a cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder ás demandas sociais, singularmente co Concello de A Pobra de Brollón, co obxectivo de promocionar e valorizar os recursos culturais dispoñibles a través da construción dun albergue municipal para acoller aos peregrinos que realizan o Camiño de Inverno.

Segundo.- Implementar unha acción de gobernanza pública para mellorar a base económica do medio rural, fixando poboación no rural, loitando contra o despoboamento e a crise demográfica, elevar o grao de benestar da poboación, con independencia do territorio onde viva.

Terceiro.- De maneira máis específica:

En relación co Concello:

Implementar esta iniciativa de acción colaborativa coa Deputación, para recuperar e pór en valor o Camiño de Inverno, a través da Construción dun Albergue Municipal para peregrinos.

Impulsar as operacións xurídicas administrativas e de xestión patrimonial para acadar ese obxectivo.

Solicitar a aplicación de fondos da Deputación para a consecución destes obxectivos e fins.

En relación coa Deputación:

Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada ordenación dos recursos dispoñibles, asistindo e cooperando co Concello, respectando os seus títulos competenciais e a súa autonomía de decisión.

Executar as operacións xurídicas administrativas e de xestión patrimonial para recuperar e pór en valor o Camiño de Inverno, a través da construción dun albergue municipal para peregrinos.

Elaborar o respectivo convenio de cooperación ou colaboración para someter á aprobación dos órganos competentes de cada Administración. Este convenio fixará, co contido que a marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, a competencia do Concello de A Pobra de Brollón e da Deputación (cooperación) para realizar a actividade conducente a recuperar e pór en valor o Camiño de Inverno, a través da construción dun albergue municipal para peregrinos; as obrigas asumidas por cada parte; o sistema de financiamento coa determinación das respectivas aportacións; o obxecto e fins; as prestacións respectivas; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Este protocolo tería vixencia dende a data da súa formalización ata o cumprimento dos parámetros expostos no apartado precedente e, nomeadamente, no momento en que se formalizase o convenio de cooperación nel previsto.

2. Con data 28/10/2021, don José Luis Maceda Vilariño, con NIF: ***0445**, en nome e representación do Concello da Pobra de Brollón, con CIF: P2704700J, presenta escrito (RE, nº: 2021RT016950 do 04/11/2021, Expediente 2021/PES_03/022906), mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a súa realización conxunta polo Concello da Pobra de Brollón e a Deputación Provincial de Lugo. Con data 22/11/2021, modifícase a solicitude presentada (RE, nº: 2021RT017780 do



23/11/2021), a fin de colaborar no fin común de “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas”, ante o que procede emitir o seguinte informe:

Consideracións xurídicas.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren á execución das obras necesarias para o acondicionamento dun edificio multiusos municipal para albergue de 36 prazas no Concello da Pobra de Brollón.

En concreto, a cesión pola administración autonómica de parte da parcela e dúas plantas da ala norte do edificio do C.E.I.P. da Pobra de Brollón e a remodelación feita para posibilitar o acceso independente aos novos locais de propiedade municipal, permite dispoñer de espazos para levar a cabo iniciativas de interese público municipal, o que posibilita a eficiencia económica, ao valorizar recursos patrimoniais infrautilizados e priorizar a rehabilitación do patrimonio construído fronte á realización de obras de nova planta.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, o impulso dun albergue municipal é unha consecuencia directa do crecente incremento do número de peregrinos que percorren o Camiño de Inverno, tras o seu recoñecemento no ano 2016 como ruta Xacobeá.

O Camiño de Inverno é a entrada natural a Galicia desde a meseta, un acceso xa usado polos romanos. Pénsase que puido xurdir como alternativa, en época invernal, á dura subida aos cumes nevados de Ou Cebreiro, por onde penetra en Galicia o Camiño Francés, e tamén para evitar os desbordamentos frecuentes dos ríos do val do Valcarlos.

Arrinca desde Ponferrada “antesala das terras galegas, na comarca leonesa do Bierzo”. Aquí, o peregrino desvíase á esquerda en lugar de continuar de fronte polo Camiño Francés. O Camiño de Inverno segue practicamente o curso natural do caudaloso río Sil pola comarca ourensá de Valdeorras. Logo discorre polo sur da provincia de Lugo, continúa pola comarca do Deza (Pontevedra), até chegar a Compostela. En total, ao redor de 240 quilómetros polas catro provincias galegas.

Na chamada cuarta etapa do Camiño de Inverno (Quiroga – Monforte de Lemos) cunha lonxitude de 33 quilómetros atopámonos coas terras de A Pobra de Brollón. No seu percorrido polo Concello de A Pobra do Brollón, a etapa pasa por Barxa de Lor, Castroncelos, a propia capitalidade da Pobra e Cereixa- terra de María Castaña, onde se pode visitar o castro de San Lourenzo-, antes de continuar hacia as terras de Monforte de Lemos.

O acondicionamento do segundo andar do edificio multiusos municipal como albergue de 36 prazas propicia o fomento da calidade da estadía dos peregrinos que percorren este tramo do Camiño de Inverno ao seu paso por Brollón, así como a difusión das excelencias e da riqueza



patrimonial (material e inmaterial) que albergan estas terras, contribuíndo á xeración de riqueza tendo en conta os recursos do territorio: Adegas de Vilachá, ruta de sendeirismo como as de Catro Cabaleiros, Mina do ferro da Veneira de Roques ou a da Mina romana de Os Medos, entre outros.

Con este investimento, mediante o acondicionamento como albergue dun equipamento municipal, preténdese facer fronte ao déficit de prazas hoteleiras, así como promocionar e valorizar os recursos culturais da contorna como estratexia para o desenvolvemento socio-económico, co fin de combater o despoboamento, de fixar a poboación na zona e de contribuír a dinamizar e facer atractivo vivir no rural.

En relación ao seu impacto económico, o albergue posibilitará a mellora na oferta de aloxamento desta zona, o cal suporá a mobilización da poboación que demanda actividades culturais en contornos naturais e unha revalorización do rural como ámbito no que estas se poden desenvolver; igualmente, permitirá implementar unha estratexia para o desenvolvemento socio-económico da zona e a súa diversificación.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de obras nunha contía inferior a 40.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 115.000,00 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello da Pobra de Brollón, de acordo co orzamento previsto, comprométese a realizar unha achega económica de 6.052,63 €; e, así mesmo, asumirá o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

O investimento prográmase como un gasto plurianual (...) de acordo co seguinte desglose:

ANUALIDADE	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	TOTAL
2021	70.000,00 €	2.368,39 €	72.368,39 €
2022	45.000,00 €	3.684,24 €	48.684,24 €
TOTAL	115.000,00 €	6.052,63 €	121.052,63 €



5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” (anualidades 2021 e 2022). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte resolución:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello da Pobra de Brollón para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas” (anualidades 2021 e 2022) por importe total de 121.052,63 €.

2º.- Aprobar o gasto plurianual de 115.000,00 €, que se distribúe en: 70.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.76200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, así como 45.000,00 € con cargo á mesma aplicación orzamentaria do orzamento para o ano 2022, para sufragar os gastos derivados da “Acondicionamento do andar 2 do edificio multiusos municipal para albergue para 36 prazas”. Na anualidade do 2022 figura crédito adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 30 de novembro de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Addenda ao convenio interadministrativo de colaboración entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe- proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a Addenda do convenio interadministrativo de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo, Augas de

Galicia e o Concello de Viveiro, coa finalidade común de colaborar na “Redacción do proxecto que sirva de base para executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova, situado en Viveiro” que dispón o seguinte:

“Primeiro.- A Deputación mediante Resolución da Presidencia de 29/04/2020 aprobou o convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo, Augas de Galicia e o Concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Redacción do proxecto que sirva de base para executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova, situado en Viveiro.

Segundo.- En data 08/07/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo, Augas de Galica e o Concello de Viveiro no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ao Réxime de financiamento e obrigas de carácter económico:

“(…)

A Deputación de Lugo achegará 23.000,00 euros (dos que 3.000,00 € son con cargo ao orzamento de 2020 e 20.000,00 euros na anualidade de 2021) do custo inicialmente previsto, con cargo á súa aplicación orzamentaria 1720.753.

(…)”

E na cláusula sétima, relativa a vixencia do convenio:

“(…)”

O Convenio terá efectos desde ad ata da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

(…)”

Terceiro.- Augas de Galicia achega escrito con 2021RPE033116, de data 10/12/2021, a través do que solicita a sinatura dunha addenda de modificación ao convenio, que recolla as variacións económicas

Fundamentos de dereito:



Primeiro.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

Segundo.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Terceiro.- O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Cuarto.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios

con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Quinto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

g) Réxime de modificación do convenio.

h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

a) Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.



b) En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

Sexto.- A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico-administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio

administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de elaboración de proxecto de actuacións para minimizar o risco de inundacións nos tramos sinalados.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sétimo.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.



No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Oitavo.- O Concello de Viviero é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallos”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Noveno.- Augas de Galicia, ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos, e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. No convenio prevese que sexa este organismo, Augas de Galicia, quen actúe como órgano de contratación.

Décimo.- Compre lembrar que o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, determina que, en particular, non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola



causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia, e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Décimo primeiro.- A presente addenda de modificación ao convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo segundo.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu

apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula setima do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das partes para a modificación do convenio, de xeito que o custo total quede establecido en 49.610,00 € e a achega a realizar pola Deputación quede fixada en 16.536,67 €, con cargo ao orzamento de 2021 e a aplicación orzamentaria 1720.753 e que a data de vixencia do convenio se extenda ata o 31-12-2022.

Décimo terceiro.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de addenda de modificación do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:



Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, Augas de Galicia e o concello de Viveiro coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de “Redacción do proxecto que sirva de base para executar actuacións que contribúan a minimizar o risco asociado á área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Fontecova, situado en Viveiro”, de xeito que se modifica a vixencia do convenio, que se estende ata o 31-12-2022 e a achega a realizar pola Deputación de Lugo, que queda establecida en 16.536,67 € con cargo a anualidade de 2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Adenda de modificacion segunda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de O Valadouro para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación segunda ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de O Valadouro, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 30/10/2020, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de bombas de recirculación de auga

para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro.

Segundo.- En data 05/11/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro no que entre outros se recollía na cláusula primeira:

“

INVESTIMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADQUISICIÓN DE BOMBAS RECIRCULACIÓN DE AUGA PARA A PISCINA MUNICIPAL	13.993,24€	--
ACONDICIONAMENTO E EQUIPACIÓN DE INMOBLE PARA CENTRO DE DÍA, INCLUIDO HONORARIOS	56.895,00€	3.000,00
REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE EDIFICIO PARA VIVENDAS DE POTECCIÓN OFICIAL	43.000,00€	--
SUB-TOTAL	113.888,24 €	3.000,00€
TOTAL	116.888,24€	

E na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de O Valadouro:

“(…)

e) Achegar como contribución ao fin común, os proxectos técnicos e/ou memorias valoradas necesarios para a execución dos investimentos segundo legalmente proceda, así como asumir a dirección de obra, dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións que sexan preceptivas, agás no investimento relativo a redacción do proxecto de construción de vivendas en Ferreira, por ser ese o investimento.

O convenio foi obxecto de modificado por acordo da xunta de Goberno de data 24/09/2021, asinándose addenda o 28-09-2021, non afectando a estes termos.

Terceiro.- Detéctase erro no texto do convenio, toda vez que os honorarios relativos ao investimento de “Acondicionamento e equipación de inmovible para centro de día”, figuran incluídos no importe total do investimento, “incluído honorarios”, para o que o Concello achega 3.000,00€ e a Deputación 56.895,00€, polo que non podía figurar como obriga do Concello na cláusula terceira, motivando este erro a redacción de addenda ao convenio ao efecto.

Fundamentos de dereito:



Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os

asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade

económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de O Valadouro é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “ a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de O Valadouro, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións



polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020.

O Concello de O Valadouro será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa

con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.



Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que dentro das obrigas do Concello de O Valadouro non este a de achegar os proxectos e/ou memorias valoradas, ao estar incluído o custe dentro do total do investimento Acondicionamento e equipación de inmovible para centro de día, incluído honorarios.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de addenda de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a adenda de modificación segunda do convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de O Valadouro coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adquisición de bombas de recirculación de auga para piscina municipal; adecuación de inmovible para uso de centro de día e elaboración de proxecto de construción de vivendas na localidade de Ferreira de Valadouro, de tal xeito que os Honorarios facultativos queden incluídos no obxecto do convenio, e non sexa un compromiso asumido polo concello dentro dos indicados na cláusula terceira do convenio asinado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a Entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº 156 de 10 de xullo de 2021.

A Vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, aprobou a resolución provincial de concesión de subvencións en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, que estableceu un prazo de dez (10) días para que os interesados puidesen presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios se realizou a través de publicación no BOP nº 245 de data 26 de outubro de 2021.

Tendo en conta que consta alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional de acordo co presente no punto “10.- Acordos de Resolución e comunicación/notificacións”.

(...)

“1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instrutor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.



2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.”
(...)

A vista de que con data 9 de decembro de 2021 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e circunstancias expostas e en base aos argumentos e análise expostas e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

A vista do informe da Comisión de avaliación.

A vista do informe do Servizo de Cultura.

Visto o informe do servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación;

1º.- Desestimar a alegación formulada por D. Xermán Lastra Muruais, con DNI 33.XXX.X33 G, en calidade de Presidente da entidade Nova Escola Galega, con CIF G 36XXXX32, en expediente 2021_CCP_01_000059, de data 27 de outubro de 2021 (ás 12:07 horas) e número de rexistro 2021RT016585 en base aos argumentos e análise expostos, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas no informe do Servizo de Novas Tecnoloxías e TICs e no artigo 43 da Lei 39/2015 e en aplicación das previsións recollidas nas bases da convocatoria (Punto 8).

2º.- Desestimar a alegación formulada por D^a Isabel Calvete Carrera, con DNI 09.XXXX.X0 P, en calidade de representante legal da ANPA do CPI de Cervantes, con NIF G 27XXXX52, en expediente nº 2021_CCP_01_000064, de data 4 de novembro de 2021 (ás 10:49 horas), e número de rexistro 2021RT016919, en base aos argumentos e análise expostos, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de

Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, de 13 de abril de 2021, Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Xunta de Galicia e nas bases da convocatoria (Puntos 6 e 8).

3º.- Desestimar a alegación formulada por D^a Ana María Díaz Torrón, con DNI 33.XXX.X68 P, como presidenta da entidade Asociación Cultural Castiñeiro Milenario, con NIF G27XXX43, con expediente nº 2021_CCP_01_000099, de data 5 de novembro de 2021 (ás 11:45 horas), e número de rexistro 2021RT017012, en base aos argumentos e análise expostos, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, e en aplicación das previsións recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, de 13 de abril de 2021 e nas bases da convocatoria (Punto 8).

4º.- Estimar a alegación formulada por D^a Ana Cid Díaz, con DNI 34.XXX.X45 G, como representante da entidade APA Colegio PP Escolapios de Monforte, con NIF G 27XXXX12, con expediente nº 2021_CCP_01_000077, de data 5 de novembro de 2021 (ás 13:00 horas), e número de rexistro 2021RT017024, debido a detección dun erro material, por parte do Servizo de Cultura, na elaboración das listaxes da resolución provisional de concesión das citadas subvencións que motivou a súa ausencia nas listaxes de concesión no acordo de resolución provisional, onde –por erro- non figuraba. Esta incorporación afectará ao reparto económico total que figuraba na Resolución provisional de concesión de data 22 de outubro de 2021.

5º.- Aprobar a resolución definitiva de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, na que se reflicte o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e que constan nas listaxes que se achegan anexadas ás actas da Comisión de Avaliación e que reflicten, ademais, o resto das solicitudes que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases.



6º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva ao aberto do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA PARA INVESTIMENTOS EN INSTALACÍONS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da. Vicepresidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Xunta de Goberno de data 2 de xullo de 2021, acordou a aprobación das bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2021.

Tendo en conta que o correspondente anuncio do extracto das bases da convocatoria e dos modelos de solicitude se publicou no BOP nº 156 de 10 de xullo de 2021.

A vista de que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, aprobou a resolución provincial para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2021, que estableceu un prazo de dez (10) días para que os interesados puidesen presentar alegacións e que a notificación aos beneficiarios se realizou a través de publicación no BOP nº 245 de data 26 de outubro de 2021.

Tendo en conta que consta alegacións formuladas ao referido acordo de resolución provisional de acordo co presento no punto “10.- Acordos de Resolución e comunicación/notificacións”.

(...)

“1. No caso de presentarse alegacións no trámite de audiencia, o órgano instructor, tras examinar as mesmas, formulará a proposta de resolución definitiva na que se expresará o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e, no seu caso, a desestimación do resto de solicitudes.

2. En base á proposta do órgano instructor a Xunta de Goberno resolverá o procedemento.”

(...)

A vista de que con data 9 de decembro de 2021 se celebrou reunión da Comisión de Avaliación para os efectos de avaliación e informe que proceda relativo ás alegacións formuladas ao acordo de Resolución provisional e que da avaliación das alegacións presentadas e circunstancias expostas e en base aos argumentos e análise expostas e que constan na respectiva acta.

Por todo o exposto:

A vista do informe da Comisión de avaliación.

A vista do informe do Servizo de Cultura.

Visto o informe do servizo de Intervención.

A Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno, en base á proposta da Comisión de Avaliación;

1º.- Desestimar a alegación formulada por D^a María Eugenia Isabel Barbagelata Martínez, con DNI 34.XXX.X83 F, en calidade de Presidenta da Asoc. Cultural Amigos da Pandeireta, con NIF G 27XXXXX96, con expediente número 2021_PES_03_014680, presenta escrito de alegacións o día 3 de novembro de 2021, baixo o número 2021RT016906, en base aos argumentos e análises



expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas no artigos 14 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións; artigos 4, 28 e 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e das Bases da convocatoria (Punto 8).

2º.- Desestimar a alegación formulada por D. Manuel José Vázquez Regal, con DNI 34.XXX.X62 C, en calidade de Presidente da Asociación Cultural Amigos do Folión de Chantada, con NIF G27113638, con expediente nº 2021_CCP_01_000133, presenta escrito de alegacións o día 4 de novembro de 2021, baixo o número 2021RT016955, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas nas Bases da convocatoria (puntos 8 e 10).

3º.- Desestimar a alegación formulada por D. Edelmiro Gavino Freije, con DNI 33.XXX.X74 K, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Vilameá, con NIF G 27XXXX35, con expediente nº 2021_PES_03_014752, presenta escrito de alegacións o día 8 de novembro de 2021, baixo o número 2021RT017088, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas nas Bases da convocatoria (punto 1).

4º.- Desestimar a alegación formulada por D. Marcos Fernández Varela, con DNI 76.XXX.X38 C, en calidade de Presidente da Asociación Ateneo Musical de Chantada, con NIF G01XXXX79, con expediente nº 2021_CCP_01_000170, presenta escrito de alegacións o día 10 de novembro de 2021, baixo o número 2021RT013124, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas nas Bases da convocatoria (puntos 8 e 10).

5º.- Desestimar a alegación formulada por D. Agustín Prado López, con DNI 34.XXX.X38 V, en calidade de representante da Asociación Semente-Lugo, con NIF G 27XXXX20, con

expediente nº 2021_CCP_01_000172, presenta escrito de alegacións o día 10 de novembro de 2021, baixo o número 2021RT017271, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas nas Bases da convocatoria (punto 8).

6º.- Desestimar a alegación formulada por D^a Lucía Álvarez Anido, con DNI 33.XXX.X07 N, en calidade de representante da Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza Adegas, con CIF G 15XXXX11, con expediente nº 2021_CCP_01_000147, presenta escrito o día 10 de novembro de 2021, en base aos argumentos e análises expostas, por considerar correcta a desestimación aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2021, en aplicación das previsións recollidas nas Bases da convocatoria (punto 8).

7º.- Estimar a alegación formulada por D. Diego González Rifón, con DNI 33.XXX.XX6 Q, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal de Aguiar de Outeiro de Rei, con NIF G 27XXXX21, con expediente número 2021_CCP__01_000148, presenta escrito de alegacións o día 26 de outubro de 2021, baixo o número 2021RT016538, debido a detección dun erro material, por parte do Servizo de Cultura, e en aplicación das previsións recollidas no artigo 27 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. Esta incorporación non afectará ao reparto económico total que figuraba na Resolución provisional de concesión de data 22 de outubro de 2021.

8º.- Aprobar a resolución definitiva do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións destinadas a investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados por asociacións culturais da provincia de Lugo, anualidade 2021, na que se reflicte o solicitante ou solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando os criterios de valoración utilizados na avaliación e que constan nas listaxes que se achegan anexadas ás actas da Comisión de Avaliación e que reflicten, ademais, o resto das solicitudes que non cumpriron os requisitos establecidos nas bases.

9º.- Notificar o presente acordo de resolución definitiva ao aberto do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións



Públicas, por medio de publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE CULTURA DO CONCELLO DE LOURENZÁ, INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“Logo de ver que o Pleno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2020, por unanimidade acordou prestar aprobación ás bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Así mesmo, o Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día 30 de marzo de 2021, por unanimidade, acordou aprobar o Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2021, de acordo cos informes das distintas áreas xestoras e a memoria da Presidencia, que inclúe unha achega económica de 8.000,00 € para o programa de cultura do Concello de Lourenzá denominado “Festival Bal y Gay: Actuación Musical (2.000,00 €); Certame de Teatro Afeccionado 2021 (4.500,00 €); actividades de Dinamización nas Parroquias (1.500 €)”.

Logo de ver o escrito do Concello de Lourenzá, expediente 2021/PES_03/024557, no que solicita a modificación do programa de cultura:

Por unha banda, a substitución de dúas actividades previstas “Certame de Teatro Afeccionado 2021 (4.500 €); Actividades de dinamización nas parroquias (1.500,00 €)”, que suman 6.000€, por dúas novas actividades “Exposición Luís Seoane ao Natural (2.188,96 €); Actividades de Nadal: Representación Teatral e Actuación Música Tradicional Galega (3.311,04 €)”, que suman 5.500,00 €.

Por outra banda, destinar o aforro producido nas dúas actividades anteriores de 500,00 € a incrementar o importe da actuación prevista “Festival Bal y Gay: Actuación Musical” que pasaría de 2.000,00 € a 2.500,00 €.

O novo programa de cultura do Concello de Lourenzá quedaría segundo o seguinte esquema e financiamento:

CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	APORTACIÓN CONCELLO E OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	CUSTO ESTIMADO DA ACTIVIDADE	ACTIVIDADE
LOURENZÁ	8.000,00	0,00	8.000,00	FESTIVAL BAL Y GAY: ACTUACIÓN MUSICAL (2.500,000€); EXPOSICIÓN “LUIS SEOANE AO NATURAL” (2.188,96€); ACTIVIDADES DE NADAL: REPRESENTACIÓN TEATRAL E ACTUACIÓN MÚSICA TRADICIONAL GALEGA (3.311,04€)

Logo de ver o informe da xefa do Servizo de Cultura favorable á modificación/substitución do programa de cultura, tendo en conta que coa incorporación das actividades propostas non se altera a súa natureza de carácter sociocultural, nin se incrementa o importe da achega provincial de 8.000,00 € prevista no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021.

Logo de ver o informe favorable do Servizo de Intervención.

Con base no exposto propoño que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Aprobar o cambio proposto polo Concello de Lourenzá, por considerar que a súa solicitude cumpre os requisitos establecidos no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos de 2021, procedendo a modificación do programa de cultura:

Por unha banda, a substitución de dúas actividades previstas “Certame de Teatro Afeccionado 2021 (4.500 €); Actividades de dinamización nas parroquias (1.500,00 €)” que suman 6.000 €, por dúas novas actividades “Exposición Luis Seoane ao Natural (2.188,96 €); Actividades de Nadal: Representación Teatral e Actuación Música Tradicional Galega (3.311,04 €)”, que suman 5.500,00 €.



Por outra banda, destinar o aforro producido nas dúas actividades anteriores de 500,00 € a incrementar o importe da actuación prevista “Festival Bal y Gay: Actuación Musical” que pasaría de 2.000,00 € a 2.500,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO
Nº327/2021B.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade o expediente administrativo do recurso nº327/2021-B interposto por Mapfre España, S.A. fronte á “desestimación de la reclamación de responsabilidad patrimonial presentada por mi patrocinada en fecha 8 de Julio de 2021 contra el Excma. Diputación Provincial de Lugo a causa de un accidente de tráfico de fecha 20 de mayo de 2021, en la carretera LU-P-1611, cuando pilotaba D. Jesús Corbelle Valiño el vehículo Renault Megane, matrícula 5792***, asegurado en Mapfre, al irrumpir súbitamente un corzo en la calzada, sufriendo importantes daños materiales el turismo.”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeira.- *Conta e cumprimento Decreto nº147/2021, de 19 de outubro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no procedemento: Peza de taxación de custas 256/2020 0001.*

Dase conta do Decreto nº 147/2021, de 19 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 256/2020, en cuxo fallo dí o seguinte: *“Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 06/10/2021 por importe de 300 euros, a cuyo pago ha sido condenada la Excm. Diputación Provincial de Lugo. En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones en la entidad Banco Santander”.*

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento ó citado Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros en concepto de custas.

Segunda.- *Conta e cumprimento do Decreto de 20 de outubro de 2021 da Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo en relación co RCA 0003343/2021.*

Dase conta do decreto de 20 de outubro de 2021 da Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo en relación co Recurso de Casación nº 3343/2021, en cuxo fallo dí o seguinte: *“Aprobar la tasación de costas practicada en las presentes actuaciones núm. RCA/0003343/2021 que asciende a la cantidad de 999,99 euros a favor de D. Jorge Salvador Castañer, D. Eduardo José Salvador Castañer, Dª. Mercedes Salvador Castañer y a cuyo pago ha sido condenado la Diputación Provincial de Lugo, cantidad que deberá ser ingresada en la cuenta de consignaciones de esta Secretaría del Banco Santander.”*



A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento ó citado Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta de consignacións do Banco Santander, da cantidade de 999,99 euros en concepto de custas.

Terceira.- *Conta e cumprimento da Sentenza nº 5/2020 de 17 de xaneiro de 2020 e do Decreto de 6 de outubro de 2021 ditados pola Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo en relación co Procedemento Ordinario 7172/2019.*

Dase conta da sentenza nº 5/2020 de 17 de xaneiro de 2020 ditada pola Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de Galicia dentro do Procedemento Ordinario 7172/2019, seguido a instancia da Deputación fronte á resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 26 de febreiro de 2019, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que desestimamos el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de la Diputación Provincial de Lugo, contra la resolución impugnada, señalada en el encabezamiento de la sentencia, y en su virtud, la confirmamos por resultar conforme a Derecho, y todo ello con expresa imposición de las costas a la parte demandante en la cuantía de 1.500 euros*”.

Dase conta do decreto de 6 de outubro de 2021 ditado pola Sala 3ª do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha dieciséis de septiembre de 2021 por importe de 1.500,00 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte recurrente Excm. Diputación Provincial de Lugo. En caso de ser abonada a través de este órgano deberá ser ingresada en la cuenta del Banco Santander*”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento ó citado Decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Banco Santander, da cantidade de 1.500,00 euros en concepto de custas.

Cuarta.- *Auto nº 82/2021, de 16 de setembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo no P.O. 254/2020-P.*

Dase conta do auto nº 82/2021 de 16 de setembro, ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo dentro do Procedemento Ordinario nº 254/2020 P seguido a instancia da mercantil Clece, S.A. fronte a Deputación en materia administrativa por desestimación de reclamación por impago de facturas por importe de 48.103,13 euros, e en cuxo fallo di o seguinte: *“Estimar la alegación previa deducida por la representación procesal de la Excma. Diputación Provincial de Lugo inadmitiendo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la procuradora Sra. Arias Regueira en nombre y representación de la entidad Clece, S.A., sin especial pronunciamiento en materia de costas”*. A Xunta de Goberno queda enterada.

12.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.